



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2025.

Pola Resolución de Alcaldía núm. 2025-0774 (Resolución Área de urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior) de 20/06/2025, acordouse efectuar convocatoria do proceso selectivo de referencia e prestar aprobación ás bases que rexerán o mesmo, cuxo texto se transcribe de seguido:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2025 COMPOSTA POR 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS (ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugardos para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1.- O obxecto desta convocatoria é a selección de persoal para a provisión con carácter temporal durante o ano 2025 das seguintes prazas no marco do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Mugardos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

- 1 praza de xefe de brigada
- 1 praza de peón condutor
- 3 prazas de peón

1.2.- Funcións e tarefas: as tarefas a desenvolver polos membros da brigada veñen determinadas polo antedito Convenio:

- Actuacións de vixilancia e defensa: a brigada realizará labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses.

- Actuacións en materia de prevención de incendios: labores de prevención de xeito manual. Traballos de roza manual e/ou investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

As persoas que compoñan a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

Os labores de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

SEGUNDA.- CONTRATACIÓN TEMPORAL POR PROGRAMA E DURACIÓN

As persoas seleccionadas serán contratadas como persoal laboral temporal para a execución do programa de carácter temporal denominado **Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025.**

A duración do contrato será de tres (3) meses, a contar desde a data da sinatura do contrato.

Os postos están dotados coas seguintes retribucións brutas mensuais:

Xefe de Brigada: Dous mil douscentos euros con cincuenta e catro céntimos. (2.200,54 €/mes).

Peón condutor: Mil seiscientos catro euros con dous céntimos. (1.604,02 €/mes).

Peón: Mil catrocentos setenta e seis euros con trinta e sete céntimos (1.476,37 €/mes).

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1.1. Requisitos xerais:

a) Nacionalidade: Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Idade: Ter cumpridos os 18 anos de idade e non superar os 60 anos.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións, que acreditará mediante **certificado médico no que ademais se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas probas.**

Este requisito de admisión terá que acreditarse mediante a presentación do Certificado médico con data posterior á da publicación da convocatoria e con carácter previo a realización da proba física e en todo caso nos dous días seguintes á publicación do listado provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

d) Titulación requirida: estar en posesión, ou en condicións de obtelo, antes da finalización do prazo de presentación de instancia dalgunha das seguintes titulacións:

- Para a praza de peón é requisito imprescindible estar en posesión do certificado de escolaridade ou superior
- Para a praza de xefe de brigada é requisito estar en posesión de algunha das titulacións seguintes:
 - o enxeñería de montes
 - o enxeñería técnica forestal
 - o técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural
 - o técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural
 - o técnico/a en emerxencias e protección civil.
 - o Ou formación profesional equivalente

e) Experiencia requirida: para a praza de xefe de brigada requírese unha experiencia mínima como xefe de brigada ou brigadista en dúas campañas

f) Galego: Estar en posesión do título acreditativo do nivel de Lingua Galega correspondente homologado de acordo con a disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)., para aquelas persoas aspirantes que desexen ser exentas da realización da cuarta proba da oposición de galego:

- Para a praza de peón Celga 1 ou o equivalente
- Para a praza de xefe de brigada Celga 3 ou equivalente

g) Permiso de conducir: Para o acceso ás prazas de Xefe de Brigada e de Peón condutor, será requisito imprescindible estar en posesión do permiso de conducir tipo B

h) Habilitación: Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata o momento da formalización do contrato, no seu caso.

CUARTA. SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao sr. Alcalde do Excmo.Concello de Mugardos. A instancia conterá, a lo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Terceira da convocatoria, segundo o modelo do **Anexo II**

2. O medio preferente de presentación de solicitudes será a través da sede electrónica do Concello de Mugardos (<https://mugardos.sedelectronica.gal/>). Cando a presentación se realice a través da sede electrónica os arquivos que se anexen deberán ser, preferentemente en formato pdf e reducir ao máximo o número de arquivos anexados. A presentación de solicitudes poderá facerse tamén no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax ou ao enderezo electrónico: correo@mugardos.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4. **Documentación.** Nas respectivas instancias, as persoas aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira destas Bases, indicarán a praza á que optan (xefe de brigada, peón condutor, peón) e acompañarán inexcusiblemente os seguintes documentos:

- a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na conta corrente **ES98-2080-0205-7331- 1000- 0032 ABANCA**, a cantidade de **5 euros** (*Artigo 4. Cuota tributaria, epígrafe 5.2 Dereitos de examen. Ordenanza Fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos*). Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente). **A non presentación de xustificante de pago ou xustificante de exención do pago será un motivo excluínte do proceso selectivo.**
- b) Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- c) Copia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na Base terceira, apartado d).
- d) Copia do permiso de conducir tipo B para aquelas persoas aspirantes que opten ás prazas de xefe de brigada e de peón condutor.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer as funcións e tarefas propias do posto de traballo a desempeñar e que acredite que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas probas de esforzo físico.
- f) Documentación que acredite a experiencia requirida para a praza de xefe de brigada.
- g) Documentos xustificativos dos méritos alegados e relacionados na base novena destas bases para cada unha das prazas, para a súa avaliación na fase de concurso.

5. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo dos 5 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes a resolución da alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local de aplicación supletoria segundo o disposto na súa disposición adicional segunda e co artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros:

- Presidente/a: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.
- Secretario/a: a persoa empregada pública titular do posto ou quen legalmente a substitúa.

• Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, esta se poderá realizar coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o Secretario/a.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo

SÉTIMA.- COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal (aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.
2. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.
3. Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa identidade.
2. A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "F", de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN de 21 de xaneiro de 2025 pola que faise público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG nº 16 de 24.01.2025). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes
3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer á Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.
4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.
Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.
5. A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

6. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

a) FASE DE CONCURSO:

A baremación de méritos será previa a fase de oposición e non terá carácter eliminatorio.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 4,00. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos/as aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1.- Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 2 puntos.

- a. Por servizos prestados en tarefas de extinción de incendios nunha administración pública: 0,15 puntos por mes, ata un máximo de 3 puntos.
- b. Por servizos prestados en tarefas de extinción de incendios na empresa privada: 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 3 puntos.

2.- Cursos, seminarios, congresos, xornadas, ata un máximo de 2 puntos. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver, protección civil, incendios, emerxencias, salvamento, conducción, manexo de ferramentas, primeiros auxilios, prevención de riscos,... e organizados, ben por unha Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de ata 10 horas de duración: 0,10 puntos ata un máximo de 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 10 a 20 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de máis de 20 a 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 40 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,80 puntos.

Acreditación da experiencia profesional:

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola persoa secretaria do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa ou contrato de traballo no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos, e só se avaliarán os servizos prestados nos últimos **cinco anos**, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Acreditación da formación:

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos oficiais que os acrediten, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade, o seu contido básico.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A puntuación máxima a outorgar na fase de concurso será a seguinte: 4,00 puntos.

Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados.

b) FASE DE OPOSICIÓN:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de oposición non poderá ser superior a 10,00 puntos.

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Proba de aptitude física.

Realizarase a proba do banco. Emprégase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 para mulleres, co que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio reposará quince segundos e

unha vez finalizados tomaráselle o pulso cun pulsómetro no dedo índice tomando o resultado transcorridos quince segundos. A proba realizarase nun local tranquilo. Necesitarase unha báscula para obter o peso dos/as candidatos/as.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase ás táboas que se acompañan (Anexo I) e determinarase a capacidade aeróbica.

Valoración da capacidade aeróbica.

O coeficiente de saúde obtense da intersección entre as pulsacións medidas despois do exercicio e o peso da persoa. Unha vez obtido o coeficiente de saúde acúdese a táboa de capacidade aeróbica.

Da intersección da columna do coeficiente de saúde e da fila da idade mais próxima obtemos a capacidade aeróbica.

Os posibles resultados de capacidade aeróbica serán os seguintes:

Capacidade aeróbica igual ou superior a 45: Brigadas Especiais

Capacidade aeróbica entre 40 e 45: Outras Brigadas

Capacidade aeróbica menor de 40: Non apto para a extinción de incendios forestais.

Quedarán excluídos os/as aspirantes cuxa capacidade aeróbica sexa menor de 40.

Calificarase como apto-a/non apto-a.

SEGUNDO EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Realizarase unha proba teórico – práctico tipo test de coñecemento e manexo de ferramentas precisas para o desenvolvemento das tarefas propias das prazas ás que se opta e co temario que figura na Base Décima.

Puntuarase de 0 a 10 puntos. Sendo eliminados ós que obteñan unha puntuación inferior a 5 puntos.

O seu contido e tempo máximo de duración serán os que para o efecto estableza o Tribunal cualificador con antelación ao comezo de cada exercicio.

TERCEIRO EJERCICIO DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA

Proba de coñecemento da lingua galega: Os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 1 para a praza de peón e a de peón condutor, ou Celga 3 para a praza de xefe de brigada, ou equivalentes deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/A.

A proba determinará a tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1 ou o CELGA 3, segundo o caso

CUARTO EJERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Exame médico.

Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade, a cegueira e a sordeira. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo.

O oportuno recoñecemento médico realizarase na Sociedade de Prevención ou no centro médico que sinala o Concello, ao obxecto de obter o oportuno informe sanitario de calificación de aptitude laboral. Calificarase como apto-a/non apto-a.

Para a realización do exame médico o Concello de Mugardos trasladará á empresa de prevención os criterios Base para o recoñecemento médico que figuran na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico na recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais, onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condicións físicas (<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad>)

NOVENA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1.- A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

Conformarase unha relación de aprobados/as, por orde de puntuación, sendo seleccionado para cada praza o aspirante con maior puntuación, e no caso das prazas de peón serán seleccionados os 3 aspirantes coas 3 maiores puntuacións.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, abríndose un prazo para a presentación de alegacións de **dous días hábiles**

2. O tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Porén, o Tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.

4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no segundo exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate resolverase pola orde que se establece para a baremación dos méritos.

DÉCIMA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS/AS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Os/as aspirantes propostos/as presentarán, dentro do prazo de dous (2) días contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

- Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada.
- Orixinal ou ben copia que teña carácter de auténtica ou compulsada conforme a lexislación vixente, do título académico esixido para tomar parte na convocatoria.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as que non presenten a súa documentación ou non reunirse os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

Tódolos compoñentes da brigada, aínda que xa o recibisen en anos anteriores, realizarán un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, que incluírá alo menos os seguintes contidos:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h.
- Ferramentas, 1 h.
- Extinción e liquidación, 1,5 h.
- Conducción de vehículos todoterreo, 0,5 h.
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h.
- Primeiros auxilios, 2 h.
- Traballo co vehículo motobomba, 2,5 h.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2.5 h.
- EPI e comunicación, 1 h.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 h.
- Medios aéreos Embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h.

DECIMO PRIMEIRA.- INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMO SEGUNDA.-LISTAS DE RESERVA

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, e superaran todos os exercicios, elaborase unha lista reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.

A vixencia da citada lista será a mesma que o período de contratación da brigada que resulte tras o presente proceso selectivo. Se un/unha aspirante renuncia á contratación será borrado da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da lista.

DECIMO TERCEIRA.- VINCULACIÓN DAS BASES E RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases vinculan a Administración, o Tribunal e a quen participe no proceso selectivo.

Contra a resolución do Alcalde ou concelleiro/a delegado/a en cada momento que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda ante os Xuzgados do Social de Ferrol no prazo de dous meses segundo o artigo 69 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción social, contandos a partir do día seguinte ao da publicación das bases. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior; as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer previamente á vía xurisdiccional social, recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mugardos, xuño de 2025

ANEXO I

Prueba del banco.Coficiente de salud para hombres

Pulsaciones durante 15 sg.	44	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32
	44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33
	43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
	36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
	35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44
	32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	50	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48
	29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	51	51	51
	27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53
	26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	55	55	54
	25	59	58	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55
	24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	58	58	57
	23	62	62	61	60	61	61	61	60	60	60	59	
	22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61		
	21	66	66	65	65	65	64	64	64	62			
	20	68	68	67	67	67	67	66	66	65			
		60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120
Peso corporal (kg)													

Prueba del banco.Coefficiente de salud para mujeres

Pulsaciones durante 15 sg.	45									29	29	29
	44							30	30	30	30	30
	43						31	31	31	31	31	31
	42			32	32	32	32	32	32	32	32	32
	41			33	33	33	33	33	33	33	33	33
	40			34	34	34	34	34	34	34	34	34
	39			35	35	35	35	35	35	35	35	35
	38			36	36	36	36	36	36	36	36	36
	37			37	37	37	37	37	37	37	37	37
	36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38
	35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39
	34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40
	33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41
	32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42
	31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44
	29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45
	28	45	45	46	46	46	47	47	47	47	47	47
	27	46	46	47	48	48	49	49	49	49		
	26	47	48	49	50	50	51	51	51	51		
	25	49	50	51	52	52	53	53				
	24	51	52	53	54	54	55					
	23	53	54	55	56	56	57					
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95

Peso corporal (kg)

Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad

Coeficiente de salud.	72	76	73	72	71	69	68	66	64	62	60	58
	71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
	70	74	71	70	69	67	66	65	62	60	58	56
	69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55
	68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	54
	67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54
	66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54
	65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53
	64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52
	63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51
	62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50
	61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50
	60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49
	59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48
	58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47
	57	60	58	57	56	54	53	52	52	49	47	46
	56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46
	55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45
	54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44
	53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43
	52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42
	51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41
	50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40
	49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39
	48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38
	47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38
	46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37
	45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36
	44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35
	43	45	44	43	42	40	39	38	38	37	36	34
	42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33
	41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32
	40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31
	39	41	40	39	38	36	35	34	34	33	32	30
	38	40	39	38	37	35	34	33	33	32	31	29
	37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28
	36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27
	35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26
	34	36	35	34	33	31	30	29	29	28	26	25
	33	35	34	33	32	30	29	28	28	27	25	24
	32	34	33	32	31	29	28	27	26	25	24	23
	31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22
	30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21
		15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65
Edad mas próxima												

Valoración da capacidade aeróbica.

O coeficiente de saúde obtense da intersección entre as pulsacións medidas despois do exercicio e o peso da persoa. Una vez obtido o coeficiente de saúde acúdese a táboa de capacidade aeróbica.

Da intersección da columna do coeficiente de saúde e da fila da idade mais próxima obtemos a capacidade aeróbica.

Os posibles resultados de capacidade aeróbica serán os seguintes:

- Capacidade aeróbica igual ou superior a 45: Brigadas Especiais
- Capacidade aeróbica entre 40 e 45: Outras Brigadas
- Capacidade aeróbica menor de 40: Non apto para a extinción de incendios forestais.

Quedarán excluídos os/as aspirantes cuxa capacidade aeróbica sexa menor de 40

ANEXO II SOLICITUDE

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS NO CONCELLO DE MUGARDOS BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN INCENDIOS FORESTAIS 2025 (ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugardos para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027)	
Praza: (Marcar cun "X" todas aquelas ás que opte, tendo en conta os requisitos esixidos para cada unha delas).	☐ XEFE DE BRIGADA ☐ PEÓN CONDUTOR ☐ PEÓN
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	
EXPOÑO	
- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a selección da/s praza/s de referencia - Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas bases reguladoras do proceso selectivo do persoal da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025 - Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases reguladoras do proceso selectivo do persoal da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025 - Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.	
DECLARACIÓNS RESPONSABLES	
Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade: - Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da/s prazas obxecto da convocatoria. - Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. - Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo. - Que os modelos de solicitude de participación no proceso selectivo presentados para participar na presente convocatoria son os facilitados pola entidade convocante.	
Por todo iso, SOLICITO	
☐	A miña admisión no correspondente proceso selectivo.
☐	Certificado de servizos prestados con indicación da natureza do vínculo, período comprendido, grupo e categoría laboral, no seu caso, e funcións desenvolvidas
☐	A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade
	Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:
Mugardos, _____ de _____ de 202__	
Sinatura: _____	
Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Mugardos	

PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2025	
Praza:	☐ XEFE DE BRIGADA ☐ PEÓN CONDUTOR ☐ PEÓN
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
☐	Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.
☐	Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.
☐	Título acreditativo do nivel de Lingua Galega Celga 1 ou Celga 3 (dependendo da praza á que se aspira) ou o equivalente
☐	Documentación acreditativa da experiencia requirida para a praza de xefe de brigada.
☐	Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.
☐	Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.
☐	Copia do permiso de conducir tipo B
☐	certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas probas
☐	Documentación acreditativa/ xustificativa dos méritos alegados

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade"

Mugardos 20 de xuño de 2025

O Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior

José Miguel Mahía Prados

(Delegación por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0615 de data 26.06.2023)

2025/4118